EN INFANTIL APRENDEMOS A FACER MATEMÁTICAS

Marta Sobrado Díaz; Dolores Rodríguez Vivero
martasd22@hotmail.com; dolores.rodriguez.vivero@usc.es
Facultade de Formación do Profesorado. USC

A experiencia da que trata este traballo foi levada a cabo nunha aula de Educación Infantil de catro anos que consistiu nun achegamento ao número natural, seguindo a liña de Kamii, C. (1984) e empregando a metodoloxía da aprendizaxe cooperativa para o cal se tomou como referencia a Serrano, J. M., González M. E e Martínez M. C. (1997).

A esencia desta proposta baseouse en que o alumnado cooperase entre el en pequenos grupos heteroxéneos, para resolver cada unha das actividades propostas de forma conxunta pero respectando a autonomía de todos os membros de grupo; é importante destacar que a mestra só serviu como axudante para ir guiando ao alumnado nas dificultades que foron xurdindo.

O fin último deste traballo foi promover o razoamento lóxico-matemático a partir da experimentación. co obxectivo fundamental, establecido o Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que... de iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e cualidades e máis establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

O alumnado realizou unha serie de xogos numéricos empregando material manipulable non estruturado elaborado pola mestra partindo dunha actividade previa non estritamente matemática que serviu de ponte para o propio xogo.

REFERENCIAS

ESPAÑA. XUNTA DE GALICIA: *Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o Currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.- ESPAÑA: Diario Oficial de Galicia (DOG). Galicia, 23 de Xuño de 2009, núm. 121.

KAMII, C.: *El número en la educación preescolar*.- Madrid: Editorial Visor, 1984.

SERRANO, J.M.; GONZÁLEZ, M..E. e MARTÍNEZ M.C.: *Aprendizaje cooperativo en matemáticas: un método de aprendizaje cooperativo-individualizado para la enseñanza de las matemáticas*.- Murcia: Universidad de Murcia, 1997.